



ENCE PRETENDE MINIMIZAR UNHA NOVA DERROTA XUDICIAL

Por medio dun comunicado de prensa os responsábeis de ENCE pretenden minimizar unha nova derrota xudicial, desta volta da man dunha sentenza do Tribunal Supremo e en relación co Proxecto Sectorial de incidencia supramunicipal que afectaba ao chamado asentamento industrial de Lourizán. E non dubidan en mentir de forma descarada ao dicir que a citada sentenza confirma a legalidade do proxecto e que só pon en cuestión algúns aspectos puntuais relativos ao proxecto de fábrica de papel tisú.

Lonxe desta lectura interesada que fai ENCE da sentenza, o Tribunal Supremo estima diversos aspectos de notábel transcendencia para o futuro da instalación fabril, entre outros os que pasamos a subliñar:

1º.- Deixa ben claro o T.S. que o planeamento urbanístico é de aplicación ao proxecto sectorial que nos ocupa e, xa que logo, que non existe ningunha razón que xustifique que o planeamento urbanístico do Concello de Pontevedra quede vinculado polo proxecto sectorial e teña que se adaptar a este.

2º.- Que o decreto de supramunicipalidade da Xunta de Galicia do 26 de decembro de 2003 debe ser anulado.

Esta decisión xudicial vai ter unha importante repercusión no proceso de renovación da Autorización Ambiental Integrada de ENCE, aínda en fase de recurso e que –como é sabido- estivo fundamentado en boa medida precisamente na aplicación deste decreto ao proxecto sectorial de Lourizán.

Resulta inadmisíbel que, unha vez mais, ENCE pretenda desviar a atención do verdadeiro alcance dunha derrota xudicial botando man da mentira e das consabidas falacias acerca do seu cumprimento escrupulosa da lexislación e das bondades duns plans de minimización do impacto visual e oloroso, uns proxectos nos que xa ninguén na comarca acredita.

Pontevedra, 5 de maio de 2012

Asdo.: Antón Masa, presidente da APDR